

PACTO SOCIAL



MEDIOS DE COMUNICACIÓN

GUIA DE ACTUACIÓN FRONTE ÁS VIOLENCIAS MACHISTAS



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña




Índice


INTRODUCCIÓN.....	5
QUE SON AS VIOLENCIAS MACHISTAS? E COMO PODEMOS IDENTIFICALAS?.....	9
COMO ACTUAR DENDE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN?.....	15
FRONTE ÁS VIOLENCIAS INDIRECTAS.....	16
FRONTE ÁS VIOLENCIAS DIRECTAS.....	18
E A NIVEL INDIVIDUAL, COMO ACTÚO?.....	19
SE VIVES.....	20
SERVIZOS PÚBLICOS E GRATUÍTOS AOS QUE PODES ACUDIR.....	25



Introdución



As violencias machistas son un dos problemas **máis graves e complexos da nosa sociedade.** Son unha cuestión fundamentalmente enraizada e estrutural que require da implicación de todas as persoas para a súa erradicación.





O Concello da Coruña, na procura dun modelo de convivencia máis igualitario e xusto, impulsou o **Pacto Social por unha Coruña Libre de Violencias Machistas**, a través do cal se está traballando conxuntamente coa cidadanía nunha estratexia de intervención fronte a ditas violencias. Así, esta guía de actuación é unha das ferramentas concibidas para acadar dito obxectivo.

Os **medios de comunicación** son creadores de opinión pública e desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura e na modificación do noso sistema de crenzas. Teñen unha gran capacidade de influencia social e política, polo que son esenciais no desenvolvemento das sociedades. Por isto, son un dos axentes de socialización máis importantes e denomínaselles como o “*cuarto poder*”.



A finalidade desta guía é proporcionar algunhas ideas prácticas e suxestións para a prevención, detección e actuación fronte ás violencias machistas dende o **sector dos medios de comunicación**. Con isto, **búscase que os medios de comunicación da Coruña sexan espazos libres de violencias machistas**, contribuíndo a acadar unha cidade máis igualitaria e xusta.

Agardamos que este material sexa do voso interese.





**Que son as
violencias
machistas?
E como podemos
identificalas?**





É un concepto relativamente recente e, polo momento, está pouco definido a nivel formal e legislativo. Así e todo, dada a súa capacidade para sinalar prácticas e dinámicas dentro do sistema patriarcal e heteropatriarcal, cada vez adoita empregarse máis.

A singularidade do concepto de violencia machista é que inclúe todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres e fillas/os ou menores vítimas de violencia de xénero, así como contra todas as persoas con identidades sexuais diversas (LGTBIQA+). Así, engloban, ademais da violencia de xénero, todas aquelas formas que son consecuencia do sistema patriarcal e da heteronormatividade.

As violencias machistas poden darse en forma de **violencias indirectas** e **violencias directas**.

Violencias Indirectas. Aquelas violencias ‘invisibles’, máis difíciles de recoñecer, posto que están máis normalizadas e naturalizadas. Diferenciamos entre **estruturais** e **culturais e/ou simbólicas**.

TIPOS DE VIOLENCIAS	QUE SON?	ALGÚNS EXEMPLOS...
Estruturais	Dimensión na que se amosa a inxustiza e a desigualdade como consecuencia da propia estrutura social. Producen situacións de desvantaxe das mulleres e persoas LGTBQA+ en aspectos como o acceso e permanencia no mercado laboral, nas condicións de traballo, así como na esfera do persoal.	<p>Brecha salarial. Diferenza entre o salario medio de mulleres e homes polo traballo realizado.</p> <p>Segregación horizontal (concentración desigual de mulleres e homes por ámbitos temáticos e profesionais) e vertical (concentración desigual nos postos de maior prestixio, visibilidade e responsabilidade).</p> <p>Teito de cristal e chan pegañento. Obstáculos cos se atopan as mulleres para o acceso a postos de maior poder e responsabilidade por mor de estereotipos sexistas e roles de xénero.</p>
Culturais e/ou simbólicas	Actitudes, xestos, condutas e crenzas cuxo resultado implica a subordinación das mulleres e persoas LGTBQA+, sostendo e lexitimando ás violencias estruturais e ás directas.	<ul style="list-style-type: none"> — Consideración da muller como obxecto (cousificación) ou reclamo sexual. — Uso sexista da linguaxe. — Trato máis coloquial, condescendente e paternalista ás mulleres que aos homes.

Violencias Directas. Aquelas máis visibles e facilmente recoñecibles. Estes son algúns dos principais tipos: violencias físicas, psicolóxicas, sexuais e económicas.

TIPOS DE VIOLENCIAS	ALGÚNS EXEMPLOS...
Físicas	Intimidar co corpo; aproximarse dun xeito agresivo e/ou desafiante; labazadas; empuxóns; lanzar obxectos contra a persoa ou contra o chan; etc.
Psicolóxicas	Insultos; desprezos; humillacións; gritos; chantaxe emocional; golpear portas ou destruír obxectos ou espazos como ameaza; etc.
Sexuais	<p>Acoso sexual. Achegamentos sexuais non desexados, solicitudes de favores sexuais, chantaxes e condutas verbais ou físicas con connotación sexual.</p> <p>No ámbito laboral, a sextorsión (a través de medios dixitais), a chantaxe sexual (ou quid pro quo), e o acoso sexual ambiental, constitúen exemplos de manifestacións e formas de acoso sexual.</p>
	<p>Abuso sexual. Acto contra a liberdade sexual. Non se emprega violencia ou intimidación. Abúsase do poder ou da confianza que se ten sobre a outra persoa.</p>
	<p>Agresión sexual. Acto contra a liberdade sexual. Emprego da violencia ou intimidación para conseguir o sometemento.</p>
Económicas	No ámbito da parella ou ex-parella: non deixar traballar; negarse a contribuír cos gastos do fogar; tomar todas as decisións relacionadas coa economía familiar; negarse a pagar a pensión alimenticia pese a contar cos recursos económicos para facelo; etc. No ámbito laboral: limitar a promoción interna dentro da empresa, etc.

Así mesmo, as violencias directas **tamén se poden manifestar en forma de acoso por razón de sexo, orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero.**

ALGÚNS EXEMPLOS...

Dirixirse de maneiras ofensivas á persoa; menosprezar o seu traballo; excluír, non tomar en serio á persoa; asignar tarefas e funcións en base a prexuízos e estereotipos; tratar de xeito desfavorable; ridiculizar e/ou utilizar humor sexista, homófobo ou tránsfobo; negarse deliberadamente a empregar o nome, pronome ou artigos cos que unha persoa se identifica; etc.

En que outras formas pode manifestarse o acoso?

Outras formas de acoso -que se poden dar tanto no acoso sexual como no acoso por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero- son:

- **O stalking.** Este tipo de acoso, que desde o 2015 está recollido como delito no Código Penal no seu Artigo 172, está constituído por todas aquelas condutas que realiza unha persoa que somete a persecucións ou vixilancias constantes, chamadas reiteradas, ou outros actos continuos de acoso a outra, menoscabando gravemente a súa liberdade e sentimento de seguridade.
- **Ciberacoso.** É unha forma xenérica de acoso a través de internet. Isto é, fai referencia a un acoso ou “persecución” a través das plataformas dixitais, de tal xeito que é unha “forma”, un modus operandi. Pode darse entre compañeiras e compañeiros, amizades, persoas que se coñecen e, incluso, entre persoas que non teñen ningún tipo de relación ou contacto previo.
- **Sexting.** É a práctica sexual de enviar imaxes e/ou mensaxes íntimas e propias de contido sexual ou erótico a través de medios dixitais. En si mesma non é un delito, pero constitúeo cando se difunden imaxes íntimas dunha persoa sen a súa autorización, independentemente de que fosen obtidas co seu consentimento (artigo 197.4 do Código Penal).

Algunhas pinceladas sobre a magnitude das violencias...

1 de cada 2 mulleres maiores de 16 anos sufriu violencia nalgún momento da súa vida.

Un **57,3%**

11.688.411 mulleres

Un **40,4%** sufriu acoso sexual

Un **13,7%** foi vítima de violencia sexual

1 de cada 4 de xeito reiterado

Só un **2,5%** denunciou os feitos

Fonte: Macroenquisa de Violencia contra a muller 2019, 2020

No ámbito laboral, o **83,1%** das mulleres foron receptoras de chistes sexistas. O **67%** de contacto físico non desexado

Fonte: El acoso sexual y el acoso por razón de sexo en el ámbito laboral en España. Delegación do Goberno e CCOO, 2021

O **73%** das mulleres xornalistas experimentaron violencia en liña (ciberacoso) durante a realización do seu traballo

Fonte: The chilling: tendencias mundiales de la violencia en liña contra mujeres periodistas, 2021

Un **42%** das persoas **LGTBIQA+** sufriu discriminación nos últimos 12 meses

4 de cada 10 en Europa

As **persoas trans e intersexuais** son as máis expostas ás violencias

Os delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual aumentaron un **11,3%** en España en 2020 respecto ao 2019, rexistrándose un total de **15.338** denuncias

Fonte: Balance de Criminalidade do Ministerio do Interior, 2021

Un **63%** sentiu discriminación nos últimos 12 meses

Un **41%** sufriu acoso polo mero feito de ser **LGTBIQA+**

1 de cada 10 ataques foron denunciados.

Fonte: Enquisa EU LGTBI II 2019, 2020



Como actuar dende os medios de comunicación?



A mellor forma de facer fronte ás violencias machistas é **evitar que acontezan**. Para isto, é necesaria a **formación, capacitación e sensibilización**, así como integrar a perspectiva de xénero dun xeito transversal. É fundamental que os medios de comunicación non manteñan unha posición neutral ante as violencias e establezan un **ambiente seguro, libre e igualitario**.

A continuación, recóllense algunhas IDEAS PRÁCTICAS E SUXESTIÓNS para...



PREVIR, DETECTAR, ACTUAR e, polo tanto, contribuír a erradicar as violencias machistas.



» Fronte ás violencias INDIRECTAS...

NON DESVIAR O FOCO DA NOTICIA

COMO? ▼

- Buscar **datos segregados** por sexo, idade, orixe, etc. para ter análises máis consistentes.
- Procurar fontes de información e informantes que aporten **diferentes puntos de vista**.
- **Non desviar** a información central cara o físico, sexualidade, vestimenta, relacións afectivas, vida persoal, etc. das persoas arredor das que xiran os contidos.
- **Tratar de forma igualitaria e respectuosa** a quen protagoniza os contidos, con independencia do seu sexo, xénero ou orientación sexual.

CANDO OS CONTIDOS VERSEN SOBRE AS VIOLENCIAS DIRECTAS... ▼

- Proporcionar **información precisa, verídica e contrastada**.
 - Identificar de forma correcta o tipo de violencia.
 - Respetar o dereito á **intimidade** das persoas vítimas da violencia.
 - Non expoñer á familia ou persoas da súa contorna e evitar rumores.
 - **Facer pedagogía**.
 - Informar sobre os recursos e servizos de información, apoio e recuperación para as persoas que enfrontan as violencias.
 - Desmontar mitos que existen arredor das violencias machistas.
 - Situar o foco de atención en quen exerce a violencia, sempre respectando a presunción de inocencia, evitando proporcionar información que xustifique a súa actitude e a culpabilización da vítima.
-

NON LEXITIMAR OS MODELOS HEXEMÓNICOS DA FEMINIDADE E A MASCULINIDADE

COMO? ▼

- Mostrar unha maior **diversidade de persoas** (en canto a raza, idade, corpos, xénero, etc.) dun xeito transversal nos contidos.
- Presentar ás mulleres como **suxeitos activos** e partícipes da sociedade e non como figuras vencelladas á pasividade.
- Representar a homes e mulleres en **igualdade de condicións**, sen reproducir roles e mandatos de xénero nin estereotipos sexistas.
- **Non hipersexualizar** ou **cousificar** os corpos das mulleres, nenas e mozas, nin utilizar os seus corpos (ou partes fragmentadas) como un reclamo.

COIDAR A LINGUAXE GRAMATICAL E AUDIOVISUAL

COMO? ▼

- Evitar o uso do **masculino como xenérico**.
 - Traballar nun **discurso** que cualifique e valore de igual maneira ás persoas con independencia do seu sexo, xénero ou orientación sexual.
 - **Empregar terminoloxías** e conceptos de forma correcta e contextualizada.
 - Nomear ás persoas polo **xénero** co que se identifiquen.
 - Evitar aquelas imaxes e mensaxes que reproduzan **estereotipos** sexistas e roles de xénero.
 - **Visibilizar os intereses**, opinións e necesidades das mulleres, persoas non binarias e persoas LGTBQA+.
 - **Representar a diversidade e pluralidade** existente na sociedade dun xeito transversal nos contidos (reflectir corpos diversos, incluír todo tipo de persoas e evitar que as que pertencen a colectivos discriminados só se visibilicen dende esa posición, etc.).
 - Empregar imaxes, sons e cancións que fomenten a **equidade e a igualdade** de valores e que non difundan ideas machistas.
 - **Buscar paridade** en canto ao número e calidade das imaxes, incluíndo o tamaño da imaxe e os escenarios onde se sitúan.
 - Coidar os aspectos técnicos da fotografía e das gravacións, evitando que se **sexualice ou cousifique ás mulleres**, nenas e mozas, non se retraten en actitudes infantís, de indefensión ou de submisión, etc.
-

» Fronte ás violencias **DIRECTAS...**

PARA A XESTIÓN PREVENTIVA... ▼


Exemplos de accións:

- Adoptar unha **política de empresa** activa fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, por exemplo, incluíndoa dentro da **prevención de riscos laborais** da empresa.
- Elaborar unha “**declaración de principios**” para divulgar os valores e as normas da empresa, onde se especifique o seu compromiso no rexeitamento de toda manifestación da violencia machista.
- Recoller e analizar información sobre as **condicións de traballo** e sobre os diferentes aspectos que teñen impacto na prevención de riscos laborais na empresa, incluíndo indicadores para a súa medición.
- Realizar ou facilitar o acceso a **cursos formativos** ao persoal traballador para a prevención, detección e actuación das violencias machistas no ámbito laboral e fóra del.
- Realizar campañas de **sensibilización e materiais divulgativos** que axuden á detección de situacións de acoso no ámbito laboral.
- Establecer un clima de **tolerancia cero** fronte ás violencias machistas.


PARA A XESTIÓN DE SITUACIÓNS DE VIOLENCIA... ▼

Exemplos de accións:

- Elaborar un **protocolo de prevención e actuación** contra o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
 - Proporcionar información entre o persoal traballador sobre as canles de comunicación para denuncias, queixas ou reclamacións dentro da empresa.
 - Proporcionar apoio e acompañamento ás persoas expostas a unha situación de acoso.
-



E a nivel individual, como actúo?



Se es vítima, con independencia da gravidade da situación, non ocultes o acontecido nin o circunscribas á esfera do persoal.

A culpa non é da persoa acosada, senón de quen exerce a violencia.



Se vives...

Unha situación de acoso ou ciberacoso...

- ▶ **Acumula probas.** Garda correos electrónicos, conversas de WhatsApp, arquivos de voz, etc.; e, se é posible, trata de averiguar se outras persoas da túa contorna laboral sufriron tamén acoso por parte da mesma persoa.
- ▶ **Rexistra por escrito** os episodios de acoso e, a poder ser, anota a data, hora, lugar e os feitos para que teñan valor probatorio.
- ▶ **Pono en coñecemento da empresa** para a que traballas ou prestas servizos. Se esta conta cun protocolo de prevención e actuación, solicita información sobre o procedemento e as canles para presentar unha denuncia ou reclamación. Se non conta cun instrumento destas características, é recomendable informar a algunha persoa que ocupe un cargo con superioridade xerárquica. Podes dirixirte tamén á representación das e dos traballadores (e ao

enlace sindical). Se ningún destes escenarios é posible, acude directamente aos servizos e recursos especializados.

- ▶ **Busca apoio.** Con independencia do anterior, é recomendable acudir aos servizos e recursos especializados para a procura de asesoramento e atención especializada. Podes atopalos ao final desta guía.
- ▶ **Denuncia os feitos.** As anteriores accións non limitan o noso dereito, en calquera momento, a iniciar un procedemento externo. Se decides denunciálo externamente, podes acudir ante a Inspección de Traballo e da Seguridade Social, así como iniciar un procedemento pola **vía xudicial**.

SE ES VÍTIMA DE CIBERACOSO...



Tamén podes denunciar publicamente os feitos a través das plataformas dixitais nas que se exerceu o acoso, así como a través da túa propia páxina web, redes sociais, blog, etc., facendo partícipe ás persoas que nos seguen. Isto ten unha triple finalidade:

1| Darlle visibilidade á situación en particular, e ao ciberacoso ao que son sometidas moitas das persoas que traballan nos medios de comunicación.


2| Atopar apoio e respaldo entre as persoas usuarias das plataformas dixitais, o que é esencial para facerlle fronte a este tipo de situacións: non enfrontar as violencias machistas en silencio e en soidade.


3| Aumentar a presión social para que se lle dea unha resposta o máis rápida e resolutiva posible ao ciberacoso.

ALGUNHAS MEDIDAS PARA PREVER E INTERVIR ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE CIBERACOSO...		
Tipo de plataforma	A modo de prevención...	A modo de intervención...
Páxinas web	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver normas comunitarias para o emprego da web nas que se deixen claras as formas válidas de participación, así como a tolerancia cero a calquera tipo de comentario que as incumpra. • Facer que ditas normas estean visibles e/ou sexan accesibles dentro da web. 	<ul style="list-style-type: none"> • Eliminar comentarios. • Informar ás persoas usuarias por que se eliminaron os seus comentarios e que artigos das normas da comunidade incumpriron. • Realizar un rexistro de todos os comentarios de acoso. É un requisito importante en vista a posibles responsabilidades xurídicas, así como un método de disuasión.
Facebook	<ul style="list-style-type: none"> • Desactivar ou impedir comentarios cando non se dispoña de recursos suficientes para moderar o fluxo de comentarios. • Bloquear palabras e axustar a potencia do filtro de comentarios agresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Borrar ou ocultar comentarios cando inclúan contido agresivo, ameazante ou palabras despectivas e insultos. • Bloquear ás persoas usuarias da páxina cando publiquen comentarios abusivos ou cargados de odio. • Denunciar publicacións ou páxinas que incumpran tanto as normas comunitarias de Facebook como as establecidas polo propio medio de comunicación.



Twitter

- **Silenciar.** A persoa en cuestión non ten coñecemento de que foi silenciada. Esta opción permite a quen modera seguir vendo o contido producido por contas silenciadas e, polo tanto, permanecer alerta ante calquera posible ameaza.
- **Bloquear.** Este debe ser o último recurso, xa que a persoa en cuestión recibe unha notificación de que foi bloqueada, podendo ter unha reacción violenta. Ademais, unha vez bloqueada a conta usuaria, xa non se terá acceso a ela, facendo máis difícil o seguimento e a detección de calquera ameaza.
- **Denunciar.** Notificar en forma de denuncia ante a propia rede social comentarios que infrinxen a súa propia política comunitaria.
- **Ocultar respostas.** Acontece o mesmo que cando se silencia un perfil usuario, só que con respostas ás publicacións.





**Servizos
públicos e
gratuítos aos
que podes
acudir**



EMERXENCIA E URXENCIA



Emerxencias	112
Policía Nacional UFAM (Unidade de Atención á Familia e Muller)	091
Policía Local	092
Urxencias Sanitarias	061
PAC (Punto de Atención Continuada)	981 170 359
Teléfono contra a trata con fins de explotación sexual	900 105 090
AlertCops (App da Policía e Garda Civil)	https://alertcops.ses.mir.es/mialertcops

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO



CIM do Concello da Coruña (Centro de Información ás Mulleres)	981 184 356
Oficina de Atención á Vítima e á Cidadanía (Xulgado)	981 185 258
Teléfono da Muller en Galicia	900 400 273
Teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres	☎ 016 – 📞 600 000 016 ✉ 016-online@igualdad.gob.es SVIsual: http://www.svisual.org Telesor: https://www.telesor.es
Asesoramento xurídico online, EscApp e AgresiónOFF	http://igualdade.xunta.gal
Bildtec (Servizo de videointerpretación para persoas xordas da Xunta de Galicia)	https://www.xunta.gal/servizo-de-videointerpretacion-para-persoas-xordas

senviolenciasmachistas@coruna.gal

